



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Enerxía e Minas

Acordo do 7 de outubro de 2025, do Departamento Territorial da Coruña, que sinala data para o pagamento do prezo xusto por expropiación, no Concello de Narón (expediente IN407A 2021/051-1)

Acordo do 7 de outubro de 2025, do Departamento Territorial da Coruña, que sinala data para o pagamento do prezo xusto por expropiación, no concello de Narón (expediente IN407A 2021/051-1).

De conformidade co disposto nos artigos 48.1 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 48.2, 49, 50 e 51 do seu Regulamento do 26 de abril de 1957, este departamento territorial acorda sinalar o día 19 de decembro de 2025, a partir das 11:00 horas nas dependencias do Concello de Narón, para que o pagador da entidade beneficiaria UFD Distribución Electricidad, SA proceda ao pagamento do prezo xusto e intereses por expropiación e imposición de servidumes de paso da instalación eléctrica denominada LMTS, CTC, RBT avenida Miguel de Cervantes, no concello de Narón (expediente IN407A 2021/051-1), ás persoas propostas como propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas, ás que igualmente se lles dirixirá notificación individual ao efecto.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 7 de outubro de 2025.

Isidoro Martínez Arca

Director territorial da Coruña

2025/6579